



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A ASOCIACIÓN PROVIVIENDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE TALLERES DE FORMACIÓN NO PROGRAMA CONSUMO ACCESIBLE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR  
DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

#### DECLARA:

**Que** este INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar con **ASOCIACIÓN PROVIVIENDA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2026.

**Que** o instrumento convencional ten por obxecto:

“A colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, dos máis pobres e excluídos.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como o sobreendeudamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, formando aos seus técnicos, persoal de atención primaria e Entidades Colaboradoras, así como o fomento do coñecemento destes recursos por toda a cidadanía a través das persoas usuarias máis vulnerables.

A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social. Prestarase especial atención ás persoas vulnerables:

- Familias
- Persoas maiores
- Persoas con discapacidade”.

**Que** existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

**Que** o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividade interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.





Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo

Segundo.- Que dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun plan formativo para colectivos vulnerables e diferentes programas entre os que se atopa o denominado Consumo Accesible, que se dirixe, entre outras, a persoas con discapacidade e en situación de pobreza ou exclusión social.

Terceiro.- Que segundo o artigo 3 dos Estatutos da asociación son fins desta, entre outros, diseñar e impartir accións formativas sobre as distintas actuacións que conforman os programas xestionados pola asociación, así como sobre calquera materia que directa ou indirectamente afecten ao ámbito da vivenda e/ou o aloxamento.

**Que** os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe

